



Resumo dos últimos trinta anos na produción de gando vacún de leite en España

Nas seguintes liñas realizamos un percorrido pola evolución da produción de gando de leite desde o ano 1985 ata a actualidade e analizamos polo miúdo os principais cambios sufridos no que respecta a aspectos como censo de vacas produtoras, prezo do leite, número de gandeiros, así como o manexo, alimentación e sistemas de muxido. Finalmente, enumeramos algúns puntos de mellora con vistas a garantir o futuro do sector.

Vicente Jimeno Vinatea
Universidade Politécnica de Madrid

1. INTRODUCCIÓN

Actualmente, no mundo o censo de vacas de leite supera os 140 millóns de cabezas, sendo a India (59,5 millóns), UE-27 (20,2 millóns), o Brasil (16,9 millóns) e os Estados Unidos (9,4 millóns) os países que ostentan un maior censo de vacas. A produción mundial de leite de vaca supera os 600 millóns de toneladas. Á cabeza dos países produtores está a UE-27, con algo máis de 145 millóns de toneladas, séguenlle os Estados Unidos (105 millóns), a India (95 millóns) e a China (38 millóns) (USDA Foreign Agricultural Service, 2023).

Dentro da UE-27, España ocupa o sétimo lugar como produtor de leite de vaca, co 5,1 % da produción europea, detrás de Alemaña (21,8 %), Francia (16,6 %), os Países Baixos (9,3 %), Italia (8,9 %), Polonia (8,5 %) e Irlanda (6,2 %) (Eurostat, 2021).


2. DE ONDE VIMOS

Na Unión Europea, dos 10 Estados membros (UE-10), o 2 de abril de 1984, tras anos de importante sobreprodución de leite de vaca e produtos lácteos (leite desnatado en po e manteiga), co consecuente aumento no orzamento económico para o almacenamento desta sobreprodu-

ción, a Política Agraria Común (PAC) decidiu establecer o sistema de cotas lácteas. A cota láctea limitaba a produción de leite en cada un dos Estados membros a una cantidade determinada, ao tempo que garantía a recollida de leite de vaca a todos os gandeiros da Comunidade Económica Europea (CEE).

España asina o tratado de adhesión á CEE o 12 de xuño de 1985, aínda que a integración efectiva se produce o 1 de xaneiro de 1986. A partir deste momento, o sector de vacún de leite español sométese ao sistema de cotas lácteas que se implantou na CEE. A cota láctea que


Gráfico 1. Principais países produtores de leite de vaca no mundo, 2022 (millóns de Tm)



Fonte: USDA Foreign Agricultural Service, 2023

se asignaba a cada Estado membro era como resultado das estatísticas de produción que achegaba cada Estado. No ano 1986 a produción de leite de vaca en España era de 6.112.000 Tm, mentres que a acta de adhesión só garantía unha cota leiteira de 5.400.000 Tm. ►►

Gráfico 2. Número de vacas leiteiras no mundo en 2022 por país (en 1.000 cabezas)



Fonte: USDA Foreign Agricultural Service, 2023

2 Soluciones PREMIUM para el control celular

POWER BLUE MIX

HMVIR FILM +



SELLADOR
MARCANTE
DE DIÓXIDO



SELLADOR CON
NUESTRA EXCLUSIVA
MOLECULA LSA®

POTENTE ACCIÓN
DESINFECTANTE

▼
Fungicidas
Bactericidas
Viricidas

FUERTE EFECTO
MARCANTE

▼
Aplicación
muy visible

REFORZADOS CON
AGENTES COSMÉTICOS

▼
Hidratación hasta
el siguiente
ordeño.

CONSUMO
CONTROLADO

▼
Viscosidad óptima
Sin goteo

NO TE OLVIDES DE CUIDAR
TU EQUIPO DE ORDEÑO




EL NUEVO
NOMBRE
PARA



KERSIA IBÉRICA, S.L. Tel: 948 32 45 32 | kersiaiberica@kersia-group.com www.kersia-group.com

► TRAS O RECOÑECIMENTO DA PAC DO 2009, A UNIÓN EUROPEA DECIDE PREPARAR A FIN DAS COTAS LÁCTEAS CON DATA DO 1 DE ABRIL DO 2015, DANDO ASÍ POR FINALIZADO UN PERÍODO DE 30 ANOS NO QUE A PRODUCCIÓN DE LEITE DE VACA ESTIVO SOMETIDA A UN TOPE DE PRODUCCIÓN

Figura 1. Contribución á produción de leite de vaca (%) por comunidade autónoma (1986)



Tras o recoñecemento da PAC do 2009, a Unión Europea decide preparar a fin das cotas lácteas con data do 1 de abril do 2015, dando así por finalizado un período de 30 anos no que a produción de leite de vaca estivo sometida a un tope de produción, en cada un dos Estados membros.

2.1. Principais cambios do sector de vacas de leite en España durante o período 1986-2023

Tras o ingreso de España na CEE ata a actualidade, o sector de vacún de leite en España experimentou un importante grao de especialización, reducíndose de forma significativa o número de gandeiros ou produtores e o censo de reprodutoras, acompañado ao mesmo tempo dun aumento significativo no tamaño das granxas, a produción de leite e o rendemento leiteiro por vaca.

2.1.1. Censos de reprodutoras e produción de leite

O censo de vacas de leite entre os anos 1986 e 2015 reduciuse un 51,7 %, pasando dun censo de 1.800.000 vacas de leite a 868.920 cabezas. A produción de leite de vaca neste mesmo período incrementouse nun 14,3 %, desde 5.972.000 Tm no ano 1986 a 6.825.000 Tm en 2015. Neste período houbo tamén un grande avance no rendemento leiteiro, pasando dos 3.050 litros de leite por vaca e ano en 1986 aos 7.855 l/vaca/ano en 2015, seguramente debido a unha gran mellora nos programas de selección xenética e alimentación. ►►

Figura 2. Contribución á produción de leite de vaca (%) por comunidade autónoma (2015)





Gráfico 3. Evolución do censo de vacún de leite entre 2013-2022



Fonte: datos SITRAN, elaboración SGPGyC

Mezclas Forrajeras

NUEVO CATÁLOGO

6 fórmulas anuales, adaptadas para cada tipo de aprovechamiento

9 fórmulas plurianuales, para cada condición, ambiente, terreno y aprovechamiento



Mezclas con leguminosas y gramíneas



Incluyen especies mejorantes

Adaptadas para dar **cumplimiento a los requisitos PAC 2025**

Fijan nitrógeno en el suelo que será aprovechado por el cultivo siguiente en la rotación

Raigrás italiano: garantía de producción y calidad

ELIRIX: Rápido en establecimiento y rebrote tras corte. Muy productivo y apetente al ganado.

ADOR: Rústico y vigoroso. Seguridad de producción en todas condiciones.



A maior parte desta produción de leite concentrouse en seis comunidades autónomas: Galicia, Castela e León, Principado de Asturias, Cataluña, Andalucía e Cantabria. A produción de leite ao longo deste intervalo de tempo aumentou en Galicia, Cataluña e Andalucía, pero decaeu en Castela e León, Principado de Asturias e Cantabria (figuras 1 e 2).

Entre o período entre 2015 e 2023, xa sen cotas leiteiras á produción, mantívose a mesma tendencia que a observada para o período anterior: redución no censo de reproductoras, 769.056 cabezas en 2023 (-11,5 %), aumento na produción de leite (7.330.574 Tm) e no rendemento leiteiro (9.530 litros/vaca/ano).

2.1.2. Evolución dos prezos do leite

En canto á evolución dos prezos percibida polos produtores de leite de vaca na Unión Europea, podemos diferenciar tres períodos de tempo: entre 1999-2006, con clara tendencia á baixa do prezos ao redor dos 30 céntimos de euros por litro; a continuación, unha fase de gran volatilidade dos prezos entre os anos 2007-2017, e, por último, un período con tendencia alcista dos prezos desde a campaña 2017/2018 ata a actualidade (gráfico 5).

2.1.3. Evolución no número de gandeiros ou produtores


Todos estes cambios experimentados ao longo destes últimos 30 anos tiveron un forte impacto sobre a evolución do número de gandeiros de vacas de leite en España e do tamaño das explotacións gandeiras. No ano 1992, contabamos con algo máis de 144.000 gandeiros, fronte aos 11.159 do ano 2022, unha redución de máis do 90 %, é dicir, unha media de abandono do 3 % anual durante ese período. As taxas máis elevadas de abandono de gandeiros tiveron lugar entre os anos 1992 e 2008.

No ano 2020, segundo datos de Eurostat, na UE-27 o 57,6 % dos gandeiros teñen unha idade media superior aos 55 anos e só o 11,9 % son novos gandeiros, con menos de 40 anos (gráficos 6 e 7).

2.1.4. Aloxamentos e sistemas de muxido


Os principais cambios relacionados cos aloxamentos deron lugar a unha mellora considerable no benestar dos animais e dos traballadores. ►

Gráfico 4. Evolución da produción de leite de vaca (1.000 t) en España (1999-2023)




Fonte: Milk Market Observatory, 2023

Gráfico 5. Evolución do prezo do leite de vaca (€/100 l) en España (1999-2023)




Fonte: Milk Market Observatory, 2023

Gráfico 6. Media de gandeiros en España



Fonte: Datos INFOLAC, elaboración SGPGyC

Gráfico 7. Percentaxe de idade dos produtores



Fonte: Eurostat 2020

PROGRAMA DE TRANSICIÓN DE ADISSEO

DESCUBRE ¿AUTÉNTICO POTENCIAL

El periodo de transición alrededor del parto es crucial.
La producción comienza aquí!

El preparto, parto y el inicio de la lactación están ligados. Optimizar esa transición significa cubrir las necesidades de elementos traza y vitaminas, asegurar una buena cobertura de aminoácidos digestibles y facilitar dietas de transición.

Adisseo ofrece un programa con 3 puntos clave para mejorar la producción.



ADISSEO
A Bluestar Company

Das instalacións nas que os animais estaban aloxados en prazas individuais, atados ao presebe, pasamos ao sistema de aloxamento en estabulación libre, con zonas de descanso en cubículos ou cama quente.

Nas instalacións actuais houbo importantes avances no deseño de comedeiros, bebedoiros, no seu enriquecemento ambiental, así como unha mellora significativa no control da temperatura e humidade, o que permitiu reducir o estrés por calor que sofren as vacas en determinadas épocas do ano.

Pero, seguramente, o avance máis importante no manexo dos animais produciuse nos sistemas de muxido. A automatización do muxido ao longo destes anos conduciunos ao desenvolvemento na mecanización e automatización de salas de muxido de última xeración, xunto á implantación dos robots de muxido. Estímase que a utilización dos robots de muxido permitiu reducir o tempo diario dedicado ao muxido do 57 % ao 33 % da xornada laboral.

2.1.5. Melloras na alimentación

Ao longo destes anos, como consecuencia dos avances nos programas de selección xenética e no rendemento leiteiro das vacas, xunto ás condicións climáticas que afectan o noso país, produciuse un abandono paulatino do sistema de alimentación baseado no pastoreo cara a un modelo de alimentación en comedoiro e sistemas automáticos de alimentación.

A aparición dos carros mesturadores ou carros *unifeed* facilitou moito a utilización de forraxes conservadas (herba seca e ensilados) e subprodutos procedentes da industria agroalimentaria. Actualmente, a base da alimentación do gando vacún leiteiro constitúeno racións totalmente mesturadas (TRM), conformadas por forraxes e pensos compostos. Nos últimos tempos proliferaron as racións parcialmente mesturadas (PRM), consistentes en racións TRM complementadas coa subministración dunha parte do concentrado nos robots de muxido.

Mellorouse moito na produción de forraxes e nas súas técnicas de conservación. Unha das forraxes máis utilizadas nas racións das vacas leiteiras é o millo forraxeiro, actualmente empréganse híbridos



BMR con mellores dixestibilidades da fibra neutro deterxente (FND) e maior valor enerxético.

Outro avance importante na alimentación das vacas leiteiras foi o deseño de racións diferenciadas segundo as distintas fases produtivas, axustadas aos requirimentos nutritivos de cada unha delas.

O control do nitróxeno ureico en leite (MUN) como medida da eficacia do nitróxeno da dieta e o seu efecto sobre a fertilidade deu lugar a unha maior tendencia a formular racións máis por necesidades en aminoácidos esenciais que por proteína bruta.

Como consecuencia de todo o comentado, ao longo destes últimos 30 anos houbo unha gran mellora na eficiencia alimentaria, que evolucionou desde os 0,91 litros de leite por cada quilogramo de materia seca consumido ha sta os máis dos 1,25 l/leite/kg MS.

2.1.6. Algúns dos temas pendentes de mellora

Un dos puntos máis críticos na cría de xatas segue a ser a elevada morbilidade e mortalidade observada nesta fase.

A mortalidade media durante a cría atópase próxima ao 10 %.

Na actualidade, a cetose posparto continúa a ser a principal patoloxía metabólica e a laminite, a principal patoloxía ambiental. Por iso, o manexo, a alimentación, sanidade e deseño de instalacións das vacas en preparto e inicio de lactación requirirán máis atención nos vindeiros anos. Segundo LeBlanc *et al.* (2006), o 75 % das vacas enferman durante o primeiro mes posparto.

No futuro, deberemos poñer maior énfase nos modelos de produción sustentable, mellorando o benestar animal, a saúde dos animais, e a lonxevidade das vacas, optimizando a eficiencia alimentaria e reducindo as emisións de gases de efecto invernadoiro.

A dixitalización, automatización, procesado, xestión de datos e a intelixencia artificial preséntanse coma as principais ferramentas para a correcta toma de decisións no futuro máis inmediato. ■

El futuro es de quienes saben cultivarlo

BUFALO

Trituradora móvil reversible profesional

DELTA

Trituradora plegable profesional

Es la pasión por la tierra la que nos guía. Todos los días.

Cada máquina de Maschio Gaspardo es el resultado de investigación, tecnología, innovación para obtener lo mejor de la tierra siempre respetando la naturaleza. Nuestros productos están en constante evolución: desde la preparación del suelo, la siembra, la protección de los cultivos, la fertilización y el heno.

Solo de esta manera estamos seguros de brindarles siempre lo mejor. Como la tierra hace con nosotros.

www.maschiogaspardo.com

MASCHIO

GASPARDO

Growing Together